



Revista informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo



ALVARO ANSIAS. DIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO
OS PROGRAMAS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA
COMO POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

RUBÉN C. LOIS. DIRECTOR XERAL DE TURISMO
O PAPEL DA ACTIVIDADE TURÍSTICA NO
DESENVOLVEMENTO LOCAL

Abril 2006

Editorial

Metodoloxía no diagnóstico das potencialidades do territorio da Mancomunidade: o papel da poboación

Tribuna

Os programas de formación en alternancia como políticas activas de emprego

Escolas abertas

Covelo Natura Sostible

O que ben empeza... Apuntamentos e suxestións sobre o arranque dos proxectos de obradoiro de emprego

Obradoiro de emprego Pousadouro

Obraquedobra

Alumnas do OE "A Estrada V" falan sobre a repercusión do obradoiro no pobo e nas súas propias vidas

A especialidade de Medio ambiente: unha visión dende quen se está capacitando

A formación complementaria no obradoiro de emprego de O Grove

Apuntamentos

A planificación participativa nos procesos de desenvolvemento local

I Plan Provincial de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres 2005-2008

O papel da actividade turística no desenvolvemento local

landra

Revista informativa

Edita:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección:

Zara Pousa Arbones

Equipo editorial:

María Alonso Rey
Rosa Calvo Buxó
Blanca González de la Cuesta
Julio López Walliser
Silvana Martínez Rodríguez
Marisa Otero Custodia
Mercedes Pousa Pereira
Francisco Gabriel Quintáns Ríos
Susana Rivadulla López
Berta Saavedra Fernández
Xulio Troitiño Dapena
Sonia Vila Carrizo

Colaboran neste número:

Alumnado e Equipo Directivo / Docente do OE A Estrada V
Alumnado do OE de Gondomar
Alumnado e Equipo Directivo / Docente do OE O Grove
Alvaro Ansias Bacelar
José Costa Díaz
Ruth González Reyes
Rubén C. Lois González
Silvana Martínez Rodríguez
Manuel Pérez Pardo
Carmen Rodríguez Cunha
Gabriel Sánchez Ibarra
Maruchi Sánchez Vidal
Sonia Vila Carrizo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Vía da Hispanidade, 17. 36203 Vigo

Teléfono: 986 423366
Fax: 986 4714 44

e-mail: updvigo@maiv.org
web: www.maiv.org/upd

Depósito legal: VG-129-2001

Imprime: Tórculo

Metodoloxía no diagnóstico das potencialidades do territorio da Mancomunidade: o papel da poboación

Cada localidade ou territorio caracteriza-se por unha determinada estrutura produtiva, un mercado de traballo, unha capacidade empresarial ou tecnolóxica, uns recursos humanos, naturais e de infraestruturas, un sistema social e político, ademais dunha tradición e cultura que van determinar o seu potencial de crecemento e cambio estrutural, noutras palabras, o seu desenvolvemento local. Nesta caracterización haberá que ter en conta os diferentes efectos da chamada globalización, polo que o territorio determínase tamén por factores externos que se deben ter en conta.

O desenvolvemento local só é posible partindo dunha análise pormenorizada de todas estas características específicas dun territorio o que, xunto cunha óptima prospección e avaliación dos recursos endóxenos e o uso dunha axeitada metodoloxía de investigación, deseño e intervención, permitirá a planificación e promoción de iniciativas dinamizadoras.

A Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, como instrumento de intervención de carácter supramunicipal está levando a cabo, no marco da súa Área de Desenvolvemento do Territorio, unha acción consistente na realización de **análises e diagnósticos do territorio (ADT)** sobre as posibilidades de crecemento e cambio dos concellos que integran este territorio tan diverso. A través deste traballo preténdese identificar e deseñar liñas de actuación orientadas a por en valor os recur-

sos (económicos, materiais, sociais, culturais, ambientais, etc.) que están sendo desaproveitados, de xeito que poidan dar lugar a procesos endóxenos de cambio que favorezan o emprego e o desenvolvemento sostible, orientándose, en definitiva, cara á mellora da calidade de vida das persoas que habitan nestá área xeográfica do sur de Galiza.

Parte do traballo realizado pola UPD na Área de Desenvolvemento do Territorio, é a elaboración dun **sistema de información territorial (SIT)**, do que xa se falou no anterior número desta revista. A función deste sistema de información é servir de instrumento para a toma de decisións na planificación de procesos de desenvolvemento, xa que nel se reflicte a información sobre o territorio obtida a través dos ADT. Ademais no citado artigo describiuse, entre outros aspectos, que o SIT é unha ferramenta que se vale das novas tecnoloxías, a través dunha base de datos xeorreferenciada na que se localizan as características e recursos do territorio. Deste xeito o SIT, facilita a obtención rápida de información práctica do espazo, o que á súa vez sustenta e acelera o proceso de toma de decisións en materia de desenvolvemento e dinamización do territorio.

Editorial

O desenvolvemento local só é posible desde unha análise pormenorizada das características específicas dun territorio

Ao longo dunha serie de fases incorpórase progresivamente aos actores locais na caracterización e planificación do territorio para superar as limitacións informativas das fontes baseadas en datos cuantitativos

Estas dúas ferramentas, ADT e SIT, concívense ao servizo dos procesos locais de cambio, nos que interveñen estruturas e dinámicas sociais que é difícil identificar e entender si só se teñen en conta os datos existentes nas estatísticas oficiais, polo que na metodoloxía a aplicar, estas ferramentas constrúense ao longo dunha serie de fases, que van incorporando progresivamente aos actores locais, na caracterización e planificación do territorio, mediante as súas visións, coñecementos e prioridades, de xeito que se superen as limitacións informativas das fontes consultadas na primeira fase, baseadas en datos cuantitativos.

O labor na primeira fase consiste na sistematización de toda a información secundaria¹ existente sobre os concellos que integran a Mancomunidade. A información pretende ser o mais eshaustiva posible, estruturándose nas seguintes temáticas: territorio, recursos naturais, culturais e do patrimonio material, organización do patrimonio, estruturas e equipamento, poboación, mercado de traballo, economía e, tecido asociativo. As fontes ás que se acuden, son as estatísticas do INE e IGE, á información facilitada polo propios concellos e determinados estudos realizados por entidades privadas.

A pesar do volume da información obtida sobre os concellos que conforman a Mancomunidade, o equipo da UPD entende que na caracterización e planificación do territorio é fundamental incorporar as visións, coñecementos e prioridades que poidan amosar os diferentes actores locais (políticos, económicos, sociais) e a propia cidadanía. Estamos a falar dun segundo momento en todo proceso de identificación das potencialidades dun territorio, co que se plantexan varios obxectivos. Un deles, é o de superar as limitacións da información secundaria, de xeito que mellore a calidade e validez dos datos, xa que estos se matizan e enriquecen cos aportes das persoas que habitan o territorio. Outros obxectivos son: focalizar o traballo de identificación de estratexias de desenvolvemento, naquelas que son aceptadas e demandas pola poboación local; así como, implicar aos habitantes do territorio no proceso de toma de decisións e posta en marcha de iniciativas, facéndoa deste xeito viables, ao ser asumidas localmente.

Este segundo momento iníciase coa identificación de informantes clave relacionados co desenvolvemento do territorio, para o que resulta fundamental estreitar a colaboración entre o persoal técnico da UPD e o dos concellos, que ademais de contribuír coas súas propias achegas no proceso de caracterización local, guiarán no traballo de localización e implicación de axentes do territorio.

Agárdase iniciar así un proceso que permita achegarnos cada vez máis ao coñecemento das estruturas socioculturais do territorio, sobre as que se sustentarán as futuras iniciativas que se formulen.

Para logralo, tras a identificación de informantes, se deseñan unha serie de ferramentas orientadas a enriquecer e mellorar a información obtida coas achegas destes. Este traballo requirirá un esforzo colectivo na adquisición de prácticas mais participativas, tanto por parte do persoal técnico das administracións implicadas, acostumado a deseñar estratexias de intervención sobre a base de datos fundamentalmente cuantitativos, como por parte dos representantes da sociedade civil, habitual receptora das propostas de desenvolvemento elaboradas externamente.

A realidade é que a incorporación das aspiracións das poboacións locais nestes procesos, non é unha práctica moi estendida, aínda que si sexa habitual incorporar o requisito da participación nos discursos dos responsables políticos e institucionais vinculados ao desenvolvemento do territorio.

O salto que vai posibilitar pasar á aplicación real de prácticas participativas será o de considerar a participación como compoñente transversal das metodoloxías de traballo. Aínda que existen algunhas experiencias que incorporan os requirimentos dos habitantes dun territorio nos procesos de desenvolvemento, non se pode dicir que este principio sexa comunmente aplicado. As razóns expostas para non facelo acostuman a defender o feito de que a incorporación das prioridades, visións e necesidades das persoas nos procesos de identificación, planificación e demais etapas, require dun esforzo inversor en recursos (económicos, temporais, e humanos), que non terá un reflexo equivalente no alcance final das actuacións, polo que as prácticas continúan, na maioría dos casos, xurdindo do traballo realizado por persoal técnico con escaso contacto directo coas poboacións e, polo tanto, insuficientes coñecementos sobre a articulación social do territorio.

Non obstante, a experiencia dí que as intervencións que non incorporan os elementos culturais e sociais dun territorio e se centran en factores basicamente económicos e

tecnolóxicos, teñen mais probabilidade de fracasar, xa que ao non ter en conta as estruturas sociais sobre as que se pretenden erguer, ponse en xogo a sotenibilidade desas intervencións, non asumidas polas propias poboacións locais, que as consideran alleas².

A continuación describese unha metodoloxía que, na medida das posibilidades, será referente para a UPD de cara á obter a caracterización real do territorio da que falamos no inicio deste artigo. A Avaliación Rural Participativa (ARP) xurde como resposta, nos anos 70 e 80, a numerosos proxectos executados en países en desenvolvemento que resultaron pouco exitosos ao non ter incorporado a participación das poboacións locais. O feito de conter o concepto "rural" na súa denominación, provén dos ámbitos onde se comezaron a utilizar estas metodoloxías, o que non a exclúe de ser aplicada con poboacións urbanas. E aínda que a súa denominación sexa a de avaliación, é aplicable e aplicada ao longo do ciclo dos proxectos.

A incorporación das
aspiracións das
poboacións non é
unha práctica moi
estendida nos
procesos de
diagnóstico do
territorio

Este enfoque foi promovido, entre outros, polo investigador Robert Chambers. Segundo este autor a ARP é "unha familia cada vez mais grande de enfoques e métodos que capacitan á xente dun lugar, para facer as súas propias apreciacións, analizar e planeaar, compartir información, monitorizar e avaliar actividades e programas de desenvolvemento" (1994)

A ARP sitúase a medio camiño entre as investigacións deseñadas sen contacto algún co territorio obxectivo, e as que se prolongan moito tempo e requiren moitos recursos económicos e humanos, para obter infinidad de datos poucas veces utilizados. A ARP busca aprender dos e cos membros dun territorio a investigar, analizar e avaliar limitacións e oportunidades do mesmo, de xeito que se poidan tomar decisións axeitadas en relación aos proxectos de desenvolvemento. Este enfoque está dirixido a obter información sistemática, de xeito rápido, orientada basicamente a:

- A análise dun problema específico
- A avaliación de necesidades
- A realización de estudos de factibilidade
- A identificación e priorización de proxectos
- A avaliación de programas e proxectos

Ademais, identifícanse unha serie de elementos que son comúns ás prácticas que integran esta metodoloxía, como a necesidade de contar con equipos interdisciplinares, cunha variedade de habilidades e antecedentes, que vaian máis alá dos enfoques economicistas; o uso de diferentes métodos, fontes e informantes; utilización da triangulación de técnicas de investigación; análise in situ, o persoal investigador favorece a interacción coa poboación local; o fomento dunha cultura de compartir a información e, en xeral, os avances acadados; favorecer a adquisición de conciencia autocrítica en relación as actitudes e condutas de todas as persoas implicadas.

Algunhas técnicas contempladas dentro deste enfoque de investigación son:

- A entrevista semiestruturadas que superan a rixidez do cuestionario, deséñase con lista de puntos guía pero sen cuestionario, permiten explorar e facer o seguemento do que non estaba previsto.
- Grupos focais e/ou grupos especializados, a través dos que se obteñen diferentes puntos de vista e argumentos sobre un mesmo feito.

A ARP sitúase a medio camiño entre as investigacións deseñadas sen contacto algún co territorio obxectivo e as que requiren moitos recursos económicos e humanos

- Estudos de casos e relatos, son descripcións que versan sobre persoas, grupos sociais, sistemas productivos, etc
- Mapas participativos, refírese ao uso de mapas formais e, á elaboración de mapas informais, basados na observación e nos coñecementos locais
- Indicadores locais, teñen moita validez porque son suxeridos pola poboación local e están orientados a medir o benestar segundo as súas necesidades

Voltando ao traballo que realiza actualmente a UPD en relación aos ADT antes descritos, será fundamental a posta en marcha dunha metodoloxía baseada en enfoques como o que se acaba de describir, de cara a que os diagnósticos realizados respondan o máis fielmente posible, á realidade social do territorio metropolitano, de xeito que a poboación desta área ocupe o lugar que, como suxeitos do seu desenvolvemento, lles corresponde.

¹ Na investigación social a información secundaria é a que xa existía antes do inicio dunha investigación (estudios previos, memorias, etc), fronte á información primaria, que é a que se obtén no marco desa investigación, a través da aplicación de diferentes ferramentas (cuestionarios, entrevistas, etc.)

² Cernea, Michael M. (1995): Primero la gente. Variables sociológicas en el desarrollo rural. Fondo de Cultura Económica. México D.F.

Os programas de formación en alternancia como políticas activas de emprego

Álvaro Ansias Bacelar

Director Xeral de Promoción do Emprego

Un dos problemas máis importantes das nosas sociedades é o desemprego, xa que do paro á exclusión social vai un treito moi pequeno se non se toman axiña as medidas oportunas. Unha delas é a instrumentación de accións encamiñadas a lograr a integración dos colectivos máis desfavorecidos, pois as persoas que forman parte deles adoitan ter moitos problemas para manter, ou adquirir, con perspectivas favorables, os coñecementos necesarios para a súa inserción laboral.

O desemprego xera graves custos e danos para as persoas afectadas, ademais da perda de ingresos, entre outros, o deterioro e perda a longo prazo das aptitudes profesionais, merma da motivación e risco de abandono definitivo do traballo, danos psicolóxicos, ruptura das relacións humanas, quebranto da vida familiar e perda de valores sociais e responsabilidade.

No mundo estanse a producir trocos profundos na estrutura socio-laboral das sociedades, derivados das transformacións estruturais dos aparatos produtivos (innovación tecnolóxica, nova economía dos servizos, globalización da economía) que levan a un desprazamento do traballo non cualificado a países con salarios máis baixos. Froito desas transformacións estanse producindo trocos importantes no rostro actual da exclusión social. Xunto a capa de pobreza, situada na parte baixa da escala social que acu-

mula numerosas carencias culturais, sociais, educativas e económicas, a exclusión social trasládase ás persoas con condicións laborais precarias e pouco remuneradas, mozos e mozas en busca do primeiro emprego, que son os que, como consecuencia de reestruturación/reconversión de numerosos sectores produtivos, pasan a engrosar a lista de desempregados.

Para corrixir, ou, cando menos, paliar os efectos negativos das transformacións dos aparatos produtivos, artéllanse, entre outras, as políticas activas de emprego, co fin de acadar maiores niveis de desenvolvemento económico e calidade no traballo, apostando por políticas que sexan capaces de responder aos retos que se nos presentan (globalización da economía, preservación do medio, tecnoloxías da información e da comunicación, etc.)

Tribuna

Álvaro Ansias Bacelar



A Consellería
apoiará aqueles
proxectos de
Escolas e
Obradoiros
innovadores pola
súa especialidade
ou polo seu
colectivo obxectivo

Tendo en conta que o mercado laboral dos mozos e mozas galegos menores de trinta anos caracterízase por: unha taxa moi alta de paro (21,4%), unha grave desigualdade por razón de xénero (as mozas teñen unha taxa de actividade 10,5 puntos menor cá dos mozos), unhas relacións laborais moi precarias (58,2%) e por graves carencias de formación profesional, a Consellería de Traballo, coa participación e o consenso básico dos axentes sociais, elaborou unha serie de medidas urxentes dirixidas ao fomento do emprego da mocidade galega, con carácter transitorio e con vixencia para o ano 2006, mentres as mesas de diálogo social creadas non establezan un "Plan de Emprego Xuvenil".

Unha destas medidas é a incluída nos programas de formación en alternancia, xa que con datos empíricos se demostra que o nivel de formación e a titulación profesional inflúen, positivamente, na posibilidade de atopar emprego. Xa que logo é importante a existencia dun programa específico de formación en alternancia que posibilita o acceso ao primeiro emprego aos mozos e mozas, principalmente a aqueles con pouca ou ningunha cualificación, para que despois poidan incorporarse ao mercado laboral. Iso proporciónalles unha certa vantaxe, en especial no primeiro estadio da integración no mercado de traballo, posto

que unha parte significativa da formación realizase en situación de traballo. Estes programas ofrecen aos traballadores en situación de desemprego a posibilidade de completar a súa formación en alternancia coa realización dun traballo efectivo en ocupacións de utilidade pública ou interese social, contribuíndo a mellorar a súa cualificación profesional e, polo tanto, a favorecer a súa inserción laboral.

Esta medida inclúe dous tipos de programas, as Escolas Obradoiro e Casas de Oficios, por unha banda, e os Obradoiros de Emprego, por outra. Coa diferenciación de ámbalas dúas medidas preténdese desenvolver unha metodoloxía adaptada ás particularidades dos beneficiarios, menores ou maiores de vintecinco anos, respectivamente.

Como novidade para o ano 2006 ofértese Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego aos demandantes de emprego que posúan titulacións de tipo profesional con pouca demanda por parte do mercado laboral, que lles permita un cambio de ocupación por medio da adquisición de competencias profesionais con saída no mercado de traballo, abrindo así o abano a un maior número de beneficiarios, respectando a condición de reunir os requisitos necesarios para poder asinar un contrato para a formación.

É intención da Consellería de Traballo apoiar aqueles proxectos de Escolas Obradoiros e Obradoiros de Emprego que teñan un carácter innovador, tanto pola súa especialidade (novas tecnoloxías, medio ambiente, etc.), como polo colectivo ao que van dirixidos (os máis desfavorecidos) e que sirvan para capacitar profesionalmente aos seus beneficiarios nos ámbitos laborais considerados como novos filóns de emprego.

Covelo Natura Sostible

José Costa Díaz
Alcalde de Covelo

O Concello de Covelo ten promovido ata o día de hoxe dous obradoiros de emprego, o primeiro deles denominado "Covelo Natura" iniciou a súa actividade en xuño do 2003, rematándoa un ano máis tarde. Nel participaron 30 alumnos/as traballadores/as entre as especialidades de Albanelería, Carpintería e Fontanería -Electricidade na rehabilitación da Casa Reitoral de Santa Mariña.

Despois do éxito e do bo funcionamento do primeiro obradoiro, comézase a traballar, en colaboración coa UPD da Area Intermunicipal de Vigo, nun segundo proxecto que denominamos "Covelo Natura Sostible". Máis ambicioso que o anterior, pretendía desenvolver cinco módulos formativos; os tres indispensables para o bo remate das obras da Reitoral e o seu contorno (Construción, Carpintería e Xardinería-Viveirismo) e dous máis que dan sentido ao nome do obradoiro e que son os de Electricidade - Instalador de Enerxía Solar Fotovoltaica e o de Fontanería - Instalador de Enerxía Solar Térmica. Con estes módulos innovadores pretendíase, no relativo ás obras, rematar as instalacións eléctricas e de fontanería necesarias para a Casa Reitoral de Santa Mariña así como executar dúas instalacións de enerxía solar, unha fotovoltaica para a produción de electricidade situada na Reitoral, e outra térmica que subministraría calefacción e auga quente sanitaria para a Gardería Municipal de recente construción.

Por razóns orzamentarias alleas a nós, non foi posible incorporar os módulos de enerxías renovables polo que, na actualidade o Obradoiro de Emprego "Covelo Natura Sostible" conta con tres módulos

(Construción, Carpintería e Xardinería - Viveirismo) e 30 alumnos/as traballadores/as rehabilitando a Casa Reitoral de Santa Mariña.

De tódolos xeitos, o crecemento experimentado na demanda de instalacións de enerxía solar neste último ano e un crecemento exponencial previsto para os vindeiros, permítenos pensar nun déficit de instaladores polo que, unha vez rematado o actual obradoiro confiamos en poder aportar un novo proxecto que aborde o desenvolvemento sostible dende un enfoque aínda máis integral e que de resposta ás demandas do mercado de traballo, dos futuros traballadores e traballadoras e mesmo da propia sociedade.

Formación e inserción laboral

A idea de poñer en marcha este proxecto de emprego xurdiu a partires das estatísticas que presentan neste Concello así como nas Comarcas do Condado e da Paradanta, unha alta porcentaxe de persoas maiores de 25 anos e cun baixo nivel de estudos (porcentaxe moi superior aos niveis provinciais e autonómicos). Esta situación fixo pensar como necesaria unha acción formativa das características dun obradoiro de emprego que contribuíría a elevar a súa formación, facilitándolles polo tanto o acceso ao mercado de traballo, así como un acercamento as novas tecnoloxías.

Escolas abertas

*Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego
"Covelo Natura Sostible"*



*Alumnado traballador do Obradoiro
de Emprego "Covelo Natura Sostible"*

Para a elección dos módulos tívose en conta a alta demanda de traballadorado cualificado relacionados coas especialidades elixidas do sector da construción e do medio ambiente, e na expansión que se avestiñaba na demanda de persoal instalador de enerxía solar.

Co obxectivo de proporcionar aos asistentes unha ampla cualificación, que lles facilitase a incorporación ao mercado laboral con maiores garantías de atopar un posto de traballo, impártense clases de informática, charlas formativas sobre seguridade e saúde laboral, habilidades sociais e as propias clases de orientación para o emprego, asociadas a visitas formativas co obxectivo de ampliar a súa visión do mercado laboral.

A metodoloxía seguida é activa, favorecendo tanto o traballo individual como en grupos cooperativos e propiciando aprendizaxes significativas, ao utilizar a práctica real como un medio de aprendizaxe.

O participar nun proxecto impulsado dende a municipalidade, pensado especificamente para eles, fai que moitos se sintan responsables da boa marcha da iniciativa, o manifesten e participen de forma positiva.

Por outra banda esta experiencia formativa supón en moitos casos, unha visión distinta e innovadora das relacións laborais e sociais. Ao establecer un punto de encontro entre persoas moi diversas, faise imprescindible a adaptación entre elas para o traballo en grupo e iniciase así un proceso de socialización que transcende do ámbito laboral e formativo. A interacción entre eles, cos profesores e o equipo directivo, e posteriormente con empresas potencialmente empregadoras fai que se enriqueza a súa visión da realidade e se reforce a súa autoestima. Estes efectos positivos maniféstanse espe-



cialmente relevantes nas mulleres do ámbito rural, moi entregadas ao traballo doméstico e agrícola e soportando gran parte do peso e da responsabilidade familiar, fanse conscientes do seu potencial mais aló da realidade na que están inmersas, e en algúns casos lle sirve para saber que poden iniciar unha nova vida no mundo laboral e modificar a mellor as súas relacións familiares.

O concello de Covelo tivo contactos previos a aprobación do Obradoiro con catorce empresas que manifestaron expresamente o seu interese en contratar persoal formado nas especialidades impartidas unha vez rematado o período de formación. Dende o propio concello existe o compromiso de contratar a oito persoas acolléndose aos distintos programas de contratación de persoal que se desenvolven conxuntamente coa administración autonómica.

Dous meses antes do remate do obradoiro de emprego, a dirección deste en colaboración co concello elaborará un tríptico explicativo das actividades realizadas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado traballador nos módulos impartidos, que se remiten a unha selección de empresas do sector nun ámbito territorial provincial (non menos de 70 envíos por especialidade) xuntando así mesmo unha relación dos alumnos/as cos seus teléfonos de contacto, así como os do concello e do obradoiro.

Na procura de mellorar as posibilidades de inserción laboral dos participantes deste obradoiro tamén se da coñecer o seu traballo nos medios de comunicación e a través de contactos directos coas empresas mais próximas xeograficamente.

Existe un compromiso da entidade local de apoiar, a través da asignación de contratos de obra ou servizo, todas as iniciativas do alumnado que se concreten en creación de pequenas empresas de calquera das formas xurídicas polo que dende o concello asesorese ao alumnado en todo o relativo a ao autoemprego e a constitución de empresas de economía social, así como das axudas e iniciativas que ten a súa disposición a administración autonómica para este fin.

A Casa Reitoral de Santa Mariña

O obradoiro está a levar a cabo traballos de Rehabilitación da Casa Reitoral de Sta Mariña, que teñen un dobre obxectivo: Por unha banda a recuperación de parte do noso patrimonio histórico e por outra a creación de espazos públicos, de carácter polivalente, para uso e disfrute da comunidade, que dean cobertura a diversas demandas

dos colectivos sociais e amparen as ofertas culturais, de formación e ocio que o propio Concello desenvolva. O proxecto da obra e moi respectuoso coa edificación orixinal, mantendo a estrutura, os volumes e os materiais orixinais téndose en conta ademais os usos múltiples do edificio ó que se reflexa en espazos abertos moi versátiles.

A superficie útil do edificio e anexos dedicados a usos municipais será de 332,05 m2 distribuído en dúas aulas, unha sala de reunións, unha sala de administración -dirección, unha sala de exposicións, vestiarios e aseos para homes e mulleres, un almacén, un cuarto de limpeza, e unha parcela de 7.500 m2. Na planta alta dedícanse 58,72 m2 a despacho parroquial, arquivo e asistencia a ferigreses e virtude do convenio firmado co Bispado de Tui - Vigo.

As actividades contempladas poderán ser entre outras: reunións veciñais e asociativas, exposicións de toda índole, accións formativas ou divulgativas, actividades lúdicas... Está previsto solicitar a homologación dos espazos para a impartición de algunhas especialidades do Plan FIP relacionadas con novas tecnoloxías, medio ambiente e sostibilidade.

Escolas abertas



Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego
"Covelo Natura Sostible"

Apuntamentos e suxestións sobre o arranque dos proxectos de obradoiro de emprego

O que ben empeza...

Gabriel Sánchez Ibarra

Director do Obradoiro de Emprego "Concello de Mos"

Escolas abertas

Non debería ser así pero así é. Os proxectos de obradoiro de emprego comezan a súa andaina co alumnado traballador xa sentado nas aulas e os equipos docentes presentando a súa lista de demandas e necesidades diante de dirección. A partir de aí, unha carreira contrarreloxo por dotarse dos materiais máis perentorios, os útiles de formación necesarios, a roupa de traballo, os equipos de protección individual e a ferramenta máis básica. Durante as primeiras semanas non somos un obradoiro de emprego entendido como un centro de traballo, parecemos un espazo de formación ocupacional e, aínda por riba, infradotado. Ante tal circunstancia cabe preguntarse, é preciso pagar semellante novatada e acumular ese retraso en proxectos dunha duración máis que axustada? Penso que non, abondaría con implementar un mínimo paquete de medidas que eliminen os inevitables períodos de "impasse" e permitan iniciar, simultaneamente, a formación teórico-práctica e a intervención a pé de obra ou servizo. Algúns dos cambios a adoptar poderían ser os seguintes:

- Aprobación dunha normativa básica que prevea as necesidades mínimas en canto a instalacións por especialidade e tipo de proxecto. A día de hoxe e por máis que nos baseemos nos certificados de profesionalidade, a previsión de infraestruturas e talleres é discrecional por parte da entidade promotora e a Delegación Provincial da Consellería de Traballo. Esa normativa debería ser igual de concreta aínda que

menos ambiciosa que a do Plan FIP, dada a preponderancia do traballo en obra neste tipo de proxectos e a máis que relativa importancia do taller como espazo formativo.

- Elaboración dun Manual de Xestión e un programa informático específico que estandarice as metodoloxías e unifique criterios tendo en conta a enorme experiencia acumulada neste tipo de iniciativas.

- Incorporación dos equipos directivos e docentes con certa antelación a respecto do alumnado traballador. Trataríase de garantir un certo período de preparación e organización interna co obxecto de cohesionar o equipo e dotarse do máis básico antes da chegada dos traballadores e traballadoras en formación.

Nas primeiras semanas non somos un obradoiro, máis ben parecemos un espazo de formación ocupacional infradotado



Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego
"Concello de Mos"

■ Recoñecemento explícito da autonomía dos equipos docentes e directivos na determinación de aspectos básicos de organización interna do obradoiro: horario de clases, calendario de materias complementarias, vacacións, etc. Todo iso acompañado dunha regulación xenérica que determine a marxe de manobra en aspectos deste estilo.

■ Pola contra, deberíamos reivindicar a fixación por parte da administración autonómica dunha única metodoloxía na provisión de prazas e un cadro de remuneracións idéntico en toda Galicia, evitando os agravios e posibilitando unha xestión transparente en relación a isto.

■ A maiores, sería aconsellábel tender cara un tipo de supervisión técnica baseada en indicadores obxectivos de resultado coñecidos por todos e todas, como por exemplo número de insercións relacionada coa especialidade, nivel de execución da obra ou servizo, baixa siniestralidade laboral, etc. Esta solución debería redundar na realización dun seguimento segundo criterios homoxéneos pero que teñan en conta fac-

tores correctores dependendo dos proxectos, do alumnado traballador ou das características da entidade promotora.

Dito isto, non podemos esquecer que a dotación de equipamentos e a posta en marcha da obra ou servizo competen á institución que promove o proxecto, e que a ela hai que lle pedir o cumprimento da súa responsabilidade. Se cadra, sería preciso endurecer o mínimo imprescindible previo á transferencia do anticipo da subvención. Un mínimo que debería contemplar, polo menos, a correcta presentación (acompañando á solicitude de anticipo) dos proxectos de execución de obra ou servizo, o nomeamento da dirección facultativa e/ou executiva e o contrato asinado para a prestación dos servizos de prevención de riscos laborais.

Se conseguimos ir nesta liña o principal beneficiario será o alumnado traballador, un colectivo de persoas que merecen contar cos medios precisos no momento da súa incorporación e que non deberían padecer uns preparativos que, por outro lado, resultan inevitábeis. Porque o que ben empeza, ben acaba....

Sería aconsellábel tender a unha supervisión técnica baseada en indicadores obxectivos: número de inserción segundo especialidade, execución da obra...

Escolas abertas

Unha das finalidades do Programa de Escolas Obradoiros e Obradoiros de Emprego é a realización dunha obra ou servizo de carácter social e de utilidade pública

Escolas abertas

Obradoiro de Emprego Pousadouro

Carmen Rodríguez Cunha

*Concelleira delegada da Escola Obradoiro,
Drogodependencias, Novas Tecnoloxías e OMIC*

Maruchi Sánchez Vidal

Técnica local de emprego do Concello de Redondela

O **Obradoiro de Emprego Pousadouro** está ubicado na Finca do Pazo de Pousadouro. Está financiado polo Fondo Social Europeo e a Xunta de Galicia e promovido polo Concello de Redondela. Iniciou o seu funcionamento o 30 de xuño de 2005 e rematará o 29 de xuño de 2006.

O Pazo de Pousadouro está situado na parroquia redondelán de Reboreda, nun entorno moi relaxante e foi fundado no 1740 por unha das primeiras familias cataláns establecidas en Vigo. Ten a pranta en L, e conta nun extremo cunha torre ameada cuns interesantes adornos esféricos nas esquinas. Ante a fachada ten un xardín cultivado que reúne varias especies arbóreas, xunto a diversas clases de plantas, céspede con estatuillas de pedra e unha fonte mural formada por tres cuncas saintes.

Detrás do Pazo hai outra parte da finca así como unha "Casa de Labor" que pasaron a ser un ben municipal a través do Proxecto de Compensación correspondente a Pousadouro. A rehabilitación desta edificación cuxa finalidade é convertese en Centro de Formación Ocupacional é a actuación a desenvolver polo alumnado traballador do obradoiro de emprego, además de ser a sede do obradoiro. A reforma a realizar elimina parte da tabiquería existente para substituíla por outra de nova construción que se adapte á nova distribución, mantendo idéntica a superficie orixinal, sen causar ningún tipo de aumento no volume da instalación.

Obradoiro de Emprego
"Pousadouro"





Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego
"Pousadouro"

Escolas abertas

Un total de 36 persoas (24 mulleres e 12 homes) capacítanse nas tres especialidades que conforman o proxecto e nas que se executan as tarefas necesarias para a restauración da "Casa de Labor". En concreto, construción (cantería e albanelería), carpintería e instalacións (fontanería e electricidade), tres modalidades con demanda en Redondela, as/os desempregadas/os saen preparadas/os para incorporarse ó mercado de traballo coa formación suficiente para acceder a un posto de traballo por conta aliea ou ben establecerse por conta propia.

Co Centro de Formación Ocupacional que resulte preténdense cubrir necesidades formativas que actualmente non están cubertas no Concello de Redondela por carecer de instalacións amplas e axeitadas para homologar especialidades formativas do Plan FIP que faciliten a empregabilidade dos/as redondeláns.

As accións de formación que se pensan desenvolver son cursos do Plan FIP, xornadas, seminarios, cursos municipais... e en función das necesidades do Concello poderanse desenvolver no Centro outras actividades.

Co Centro de
Formación
Ocupacional que
resulte preténdense
cubrir necesidades
formativas que non
están cubertas no
Concello de
Redondela por
carecer de
instalacións
axeitadas

Está pensado que o proxecto Obradoiro de Emprego "Pousadouro" se remate cunha Escola Obradoiro que complete os traballos realizados e empregando estas instalacións, acometa outras obras que están en proxecto.

O Concelleiro de Desenvolvemento Local de Redondela explícanos as súas expectativas para o Centro de Pousadouro

Escolas alertas

"Teño a sensación de que o centro vaise quedar pequeno en pouco tempo"

A UPD da Mancomunidade de Vigo entrevistouse co Concelleiro de Desenvolvemento Local de Redondela, Manuel Pérez Pardo, para que nos dera a súa opinión con respecto ao porqué do Centro do Pousadouro, o seu aproveitamento posterior e os beneficios para a cidadanía redondelán.

UPD: ¿En qué consiste o convenio realizado entre o Concello e os propietarios do lugar de Pousadouro?

Manuel Pérez: Trátase dun plan parcial para unha finca de 70000 m² polo que se cede a casa do caseiro e uns terreos de aproximadamente 3000 m².

UPD: ¿Qué necesidades de formación ocupacional vai cubrir o Centro de Pousadouro?

Manuel Pérez: O centro está pensado en principio como obradoiro de electricidade-fontanería, carpintería e albanelería.

Ademais intentaremos nun futuro ter un módulo de xardinería. Por outra banda, as cousas dependerán de que homologuen as

instalacións para centro do Plan FIP, aínda que o centro non vai acabar coas carencias de formación que ten hoxe en día o Concello de Redondela.

UPD: ¿Ademais dos obradoiros con que outras instalacións vai contar o centro?

Manuel Pérez: Quedan catro aulas. Tres adaptadas a normativa do Plan FIP. Creouse unha aula de informática dotada coa última tecnoloxía, que non só se utilizará para cursos do Plan FIP senón para calquera curso que se poida facer.

Por outra parte as aulas deseñáronse para varios usos. Están pensadas para que haxa un pequeno centro de conferencias e exposicións.

UPD: ¿Qué demanda ocupacional existe hoxe no Concello de Redondela e de que forma o Centro do Pousadouro vai axudar a que se cubra?

Manuel Pérez: A demanda ocupacional é grande no tema da hostalería e o téxtil, mais os espazos no Centro non dan para ter unhas instalacións onde realizar esta formación.



Alumnado - traballador do
Obradoiro de Emprego
"Pousadouro"

Máis ben pretendemos ter un centro de formación permanente onde se poidan realizar cursos que ata agora non se podían facer en Redondela. Teremos un centro fixo e non haberá que bailar dunhas instalacións a outras para facer os cursos como ocorría ata hai pouco. Trátase dun servizo en xeral a poboación. Un centro de recursos onde poderá planificarse a formación desde principios de ano. Sobre todo será un centro de formación onde se poderán realizar as accións formativas desenvolvidas desde o Concello, que carecía ata o momento dunhas instalacións propias onde poder realizar os cursiños. Será un centro aberto a moitas posibilidades en canto a accións formativas

UPD: ¿Que formación se pensa impartir na aula de informática?

Manuel Pérez: Estanse facendo enquisas sobre cursos de novas tecnoloxías a alumnos e empresas. Pensamos que hai que ir a cursos especializados e complexos (Deseño, Planos en 3D, Construción de Cociñas). Non so cursos de ofimática e Internet. Cursos que demanden as empresas.

UPD: No obradoiro de emprego hai trinta e seis alumnos, dos que vintecatro son mulleres e doce son homes. ¿Haberá algún tipo de apoio a inserción das mulleres que están nos distintos obradoiros que se desenvolven no Pousadouro?

Manuel Pérez: Xa tivemos unha xornada de portas abertas con empresarios de Redondela e tense pensado facer outra xornada con empresarios de toda a provincia. Nestas xornadas os empresarios poden ver a capacidade das mulleres para traballar en campos como a albanelería, a carpintería, etc. Entre a Asociación de Empresarios, Consellería e Concellería intentaremos a inserción de mulleres cun traballo conxunto.

UPD: ¿Qué accións futuras hai previstas no lugar de Pousadouro?

Manuel Pérez: Está prevista a construción doutra nave que poda acoller outro obradoiro. Tamén pénsase desenvolver un módulo de xardinería que arranxará todo o espazo que hai o redor. De todas formas a casa

da para o que dá. Nun futuro veremos o que se pode implementar.

UPD: ¿Tense previsto solicitar unha escola obradoiro para finalizar as instalacións?

Manuel Pérez: Penso que con este obradoiro vanse finalizar practicamente as instalacións. Aínda que todo é practicamente novo e case ninguén que participa no proxecto traballara neses campos, cremos que a obra estará rematada con este obradoiro.

UPD: ¿Estará o centro aberto a outras entidades para a realización das súas propias accións formativas?

Manuel Pérez: Si. Calquera asociación ou institución que queira desenvolver aí algunha actividade formativa poderá facelo. Ter un centro pechado non tería moito sentido. De tódolos xeitos, teño a sensación de que o centro vaise quedar pequeno en pouco tempo.

Máis que nada polo que teño visto noutros casos, como o CDL de Mos, que é máis grande e as instalacións case non dan abasto para acoller toda a oferta formativa. Estamos poñendo ferramentas para loitar contra o paro, aínda que as veces as instalacións nos limitan.

Escolas abertas

*Alumnado traballador
do Obradoiro de
Emprego "Pousadouro"*



Alumnas do OE "A Estrada V" falan sobre a repercusión do obradoiro no pobo e nas súas propias vidas

Obradoiro

“Os obradoiros están en función das obras máis que do fomento do emprego”

O pasado mes de marzo tres membros do equipo directivo e docente do obradoiro de emprego "A Estrada V" reuniuse con dezaseis alumnas traballadoras das especialidades de fontanería-electricidade e carpintería. A finalidade foi dialogar acerca da súa visión respecto ás repercusións que sobre a calidade de vida estradense puideron ter as accións desenvolvidas no tempo polas escolas ou obradoiros de emprego.

A continuación, expoñemos as preguntas formuladas e unha selección das respostas dadas polas rapazas participantes no coloquio.



Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego
"A Estrada IV"

"É moi importante para o concello todo o que sexan melloras tanto na Estrada como nas aldeas, sobre todo a restauración das escolas para unir aos habitantes en todo tipo de actividades e proxectos"

Moderadores: En relación ás obras realizadas por este ou anteriores proxectos (rehabilitación de escolas unitarias, acondicionamento do entorno do concello, rehabilitación de edificacións para centros culturais), cales credes que foron as obras de máis utilidade para o concello e a poboación?

Alumnas traballadoras: Case que por unanimidade, as respostas xiraron en torno a dúas actuacións: a praza do concello e a transformación dunhas escolas unitarias.

"Hai obras que tiveron bastante impacto no noso concello, unha delas foi a praza do concello que gustou a moita xente pero ao mesmo tempo privounos dunha fonte emblemática da que só quedan recordos nas vellas postais".

"Considero que é moi importante para o concello todo o que sexan melloras tanto na Estrada como nas aldeas, sobre todo gustaríame destacar a restauración das escolas, porque me parece moi importante recuperalas para unir aos habitantes en todo tipo de actividades e proxectos".

"As escolas unitarias que estaban abandonadas, quedaron moi ben, para as aldeas e sobre todo para as mulleres rurais. Tamén se arranxaron prazas do concello,

igrejas e outros centros de interese público".

Moderadores: Credes que teñen aceptación por parte da poboación en xeral?

Alumnas traballadoras: Respecto a esta interrogante, as opinións foron tanto positivas como negativas.

"Si, porque os lugareños das parroquias onde se están a amañar as escolas están contentos e satisfeitos son centros de reunión para eles e quedan ben amañados".

"Nun sector da poboación estradense si, pero noutros sectores opinan que son obras inútiles, ou que non se leva a dar o uso adecuado".

"Penso que por unha banda hai quen pensa que toda reforma é positiva e por outra hai quen di que estamos enterrados no cemento, que nos quitan o "verde".

Moderadores: Algún de vós fai uso das instalacións e equipamentos realizados a través dos programas de Obradoiros ou coñecedes a xente que faga uso deles?

Alumnas traballadoras: De novo as respostas dadas foron enfrontadas.

"Si, uso a praza do concello para xogar os nenos e coñezo xente que usa as escolas unitarias para cursos de asociacións".

"Si, as escolas unitarias empregámolas para asociacións, realizar cursos, etc."

"Non fago uso de ningunha instalación, pero si coñezo xente que está contenta coa rehabilitación de escolas unitarias que son un lugar común e estaban inhabilitables"

Obradoiros

Moderadores: Credes que os traballos realizados responden ás necesidades da poboación do concello ou propoñen outras alternativas ou usos?

Alumnas traballadoras: As achegas expresan certa desconformidade co tipo de obra que habitualmente se executa. Tamén consideran que tendo en conta que a maior parte das persoas que compoñen o obradoiro son mulleres debería ofrecerse outro tipo de especialidades.

"A algunhas obras quitaráselles rendemento e uso, pero outras moitas quedarán simplemente como xustificación do traballo dos alumnos"

"Supoño que as obras que se fan están

en función das demandas das distintas parroquias que engloban o concello. Aínda que hai outras necesidades sociais que igual se quedan sen axuda."

"Os obradoiros están en función das obras máis que do fomento de emprego xa que en este V Obradoiro somos case todas mulleres e non creo que esta opción de "rehabilitación e acondicionamento de escolas" nos vaia a crear empregos. So hai que observar as necesidades deste concello".

Moderadores: Coñeces a situación laboral das persoas participantes en edicións anteriores de Obradoiros? Sabedes si se dedicaron ou dedican ás actividades para as que foron formados?

O equipo directivo e docente formulou unha serie de valoracións sobre os proxectos de escolas e obradoiros extraídas das achegas das alumnas traballadoras

- Duración: mínimo 2 anos para unha mellor formación
- Posibilidade de obter carné de profesional en determinados módulos formativos
- Adaptación dos módulos, de acordo coas necesidades de demanda do emprego necesario segundo a zona (máis variedade de módulos)
- Formación práctica en empresas, para a correcta avaliación do empresario con respecto ao traballador
- A idade do alumnado traballador se adapte aos módulos formativos. Exemplo: mulleres de 50 ou 60 anos, sen experiencia no módulo de construción terán moitas dificultades en atopar traballo en dito módulo. Pero se o módulo formativo tivera que ver coa axuda a domicilio podería ter maior posibilidade de inserción laboral
- Maior compromiso por parte do Concello de inserción laboral unha vez finalizado o obradoiro
- Adaptación da formación ás esixencias do mercado
- Adaptar módulos formativos á muller. Exemplo: en construción, certificados de profesionalidade realizados con remate de obras: alicatador, solador, escaiolista, pintura, etc.
- Que os módulos se adapten a un certificado específico e non a varios á vez, xa que non hai tempo material para dalos. Exemplo: no módulo de fontanería-electricidade hai 3 certificados de profesionalidade: fontaneiro, electricista de edificios e electricista de mantemento. Co cal, ao finalizar o obradoiro non temos ningún certificado completo. Por elo pensamos que ou se reducen os certificados ou se amplía o tempo do obradoiro

"As mulleres maiores de 40 non teñen oportunidades"

Alumnas traballadoras: Algunha das mulleres sinalaron que aínda que coñecían a persoas que si se insertaran laboralmente, a realidade é que non o fixeran nunha ocupación acorde coa capacitación obtida no obradoiro.

"Non, non dan oportunidades ao saír de aquí porque as mulleres maiores de 40 xa non teñen oportunidade para nada".

"Si, algunhas atoparon xa posto de traballo polo que se formaron no obradoiro, tamén coñezo a alguén que montou unha empresa o se deu de alta como autónomo, pero a maioría das mulleres quedaron igual que estaban".

"Eu non coñezo a situación laboral de moita xente, pero sei de moita xente que traballou en obradoiros e o posto que desempeñan hoxe en día non ten relación algunha co que fixeron en obradoiros. A realidade laboral é que as mulleres non estamos integradas neste concello e que para atopar emprego temos que buscar horas soltas ou aceptar calquera proposta sen seguro nin soldo decente".

Moderadores: E en canto á vosa situación, credes que coa participación no programa, estaredes en mellores condicións para acadar un emprego?

Alumnas traballadoras: En xeral, a visión das alumnas traballadoras respecto as opcións de inserción tras o paso polo obradoiro son bastantes pesimistas e formulan críticas sobre as características destes programas.

"Considero que todos os coñecementos adquiridos son bos, pero polo contrario paréceme que a duración do obradoiro é escasa e os coñecementos resultantes moi básicos, sen esquecermos da complicación que

implica hoxe en día encontrar traballo, sobre todo para o sector feminino".

"Sinxelamente creo que cando remate volverei a estar outra vez no punto de partida por varias razóns:

- Despois de 1 ano non me sinto capacitada para desempeñar este tipo de traballo

- A realidade laboral no noso concello é moi complicada para nais traballadoras

- Os obradoiros en función de qué están: do concello? Ou da xente desempregada? Se cadra o concello debería comprometerse con persoas de colectivos desempregadas para fomentar emprego".

Persoal directivo/docente e alumna-
do traballador do OE "A Estrada V"
participante no coloquio:

Moderadores:

José Ignacio Taboada (Director)

Xurxo Bascoy López (Titor)

Andrés Granja Míguez (Docente
Fontanería)

**Alumnas traballadoras do módulo de
fontanería - electricidade:**

María del Carmen López Varela

María Pilar Garea Valiñas

María Nieves Saavedra Ces

Gumersinda Tosar Varela

Sofía Domínguez Cabalar

Susana Mouriño Mougán

Carmen Otero Espiño

**Alumnas traballadoras do módulo de
carpintería:**

Sonia Barcala Barcala

María Victoria Carbia Campos

Isaura Barreiro Troitió

María José Silva Lorenzo

Manuela Castro Romero

Elsa Guzmán Escalona

María Sagrario Conde Plata

María Mónica Gómez Alvarez

Elidia Blanco Coutinho

Obravedora

A especialidade de Medio ambiente: unha visión dende quen se está capacitando

Obravedora

Tres alumnas traballadoras da especialidade de Medio Ambiente de Gondomar, Inés V. Dasilva Cuadro, Virginia Martín Driussi e Carmen A. Silva Iguini, ofrécennos a súa opinión respecto á especialidade na que se están formando e traballando dende hai 9 meses: as características do proceso formativo e as posibilidades de inserción futuras

Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego de
Gondomar



O obradoiro de Emprego Gondomar II comezou o 28 de xuño de 2005 e chegará ao seu fin o próximo 27 de xuño deste ano.

Dentro del, formamos parte da especialidade de Medio Ambiente e se nos asignou a limpeza, acondicionamento e restauración do sendeiro do río Zamáns e do contorno do Peto de Ánimas no río Morgadáns.

Esta especialidade está conformada

case maioritariamente por mulleres (8 de 10) con idades comprendidas entre os 28 e 45 anos. Para algunhas de nós, entre as que nos atopamos quen escribe este artigo, é a nosa primeira experiencia neste tipo de traballo. No grupo atopamos compañeiros e compañeiras que xa traballaran neste ámbito a nivel doméstico por vivir en zonas rurais e outros/as con algunha experiencia laboral como traballadores forestais temporais en extinción de incendios e xardinería.

Ao longo de todo o ano adquirimos coñecementos teóricos e prácticos, sobre:

- Funcionamento, mantemento e uso de maquinaria como desbrozadora, moto-serra, trituradora, etc.

- Ferramenta manual, da cal algunha de nós descoñecía dende o seu nome ata o seu uso.

- Normas de seguridade e prevención de accidentes.

- Mantemento, limpeza e poda do contorno do río, traballo este moi necesario xa que atopamos zonas moi abandonadas onde é preciso quitar moito lixo (parte do negativo que ten este traballo).

En canto ao teórico tocamos temas moi diversos: clima, viveirismo, topografía, contaminación ambiental, etc. Algúns deles de forma moi superficial e noutros afondamos máis, como por exemplo, o de aprender a distinguir as diferentes especies de flora e fauna autóctona que atopamos no río, a súa importancia e valoración no contorno.

A aprendizaxe teórica recibida ata o momento estanos a resultar interesante e positiva, non obstante encontramos que a parte práctica, é dicir, o traballo a pé de obra, á medida que foi pasando o tempo, volveuse monótono e repetitivo.

En canto a evolución do grupo, foi altamente positiva. Gustounos moito traballar en equipo e pasamos de ser un conxunto de persoas descoñecidas, a ser un grupo de persoas que traballan xuntas, apoiándonos. Non competimos entre nós senón que nos comprendemos.

Respecto á actitude do concello, a entidade promotora, gustaríanos que se avaliasse e valorase o noso traballo, ademais de que contaran con nós para o mantemento do xa restaurado e para ampliar incluso as zonas de limpeza xa que o contorno do río é moi bonito pero encóntrase moi abandonado. Non nós gustaría ver como ao pouco tempo de rematar o obradoiro de emprego, todo o noso tempo e esforzo dedicado a

restaurar o sendeiro do río Zamáns e do contorno do Peto de Ánimas no río Morgadáns non teña servido, xa que volve a ter a mesma aparencia de antes por non haber quen o manteña.

A inserción laboral non a vemos de forma positiva se ben a formación obtida no Obradoiro amplíanos o campo laboral, xa que ao ter máis coñecementos danos máis opcións; agora ante unha oferta de emprego como peón forestal, tarefas de viveirismo, desbrave, limpeza e acondicionamento de fincas, etc. podémonos presentar sabendo que podemos realizar o traballo, aínda que o acceso a un posto de traballo o vexamos difícil xa que o sector é moi precario: ofrece traballo temporal e de tempada moi mal pagado e con malas condicións de seguridade e contratación.

Outra opción sería tentalo como autónomas, algo no que algunha das nosas compañeiras pensa, aínda que sen ter claro polo momento (veremos isto nas clases de xestión empresarial) como enfocar o tema e obter os medios necesarios a nivel oficial e público.

A nosa necesidade é manter unha continuidade laboral, non sabemos que ou canta oferta de emprego imos atopar, pero imos a encarar a busca con moita ilusión, proxectos e ganas de traballar e saír adiante.

Obravedora

Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego de
Gondomar



A formación complementaria no obradoiro de emprego de O Grove

"É importante
adaptarse aos
cambios que esixe o
mundo laboral"

Parte do alumnado traballador de O Grove mantivo unha conversa co director e o titor do obradoiro de emprego onde amosaron as súas impresións sobre a formación complementaria recibida ao longo do proxecto.

Obratedobra

Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego de
O Grove



O alumnado traballador de O Grove considera imprescindible contar cunha boa formación profesional segundo as demandas do mercado de traballo, máis non lle resta importancia as accións formativas recibidas de iniciación á informática, xestión de emprego e educación compensatoria. "É necesario, capacitarnos para nos adaptar aos cambios tecnolóxicos e de organización - explican os/as alumnos/as traballadores/as- que esixe o cambiante mundo laboral, faci-

liténdonos unha formación actualizada e o máis polivalente posible."

Como acción formativa máis interesante e de maior utilidade, o alumnado traballador decántase polas actividades desenvolvidas en informática. Destacan o manexo de aplicacións en portais de Internet dedicados á busca de información de todo o relacionado coa xestión de emprego, o que supón unha ferramenta para a consecución de posibles traballos.

*Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego de O Grove*



O módulo de informática que se imparte inclúe catro unidades didácticas: conceptos informáticos básicos, sistema operativo, iniciación ás aplicacións informáticas e Internet. Aínda que o curso non está especificamente dirixido a ningunha das especialidades en concreto, si lles proporciona uns coñecementos básicos que a partir de agora "cada un/ha de nós pode aplicar e utilizar na forma que lle resulte máis axeitada", tanto para formación como para información, comunicación, ocio, etc.

Para o alumnado, o tempo empregado para cada unha das distintas accións formativas é suficiente porque aínda que cada unha delas contén un número de horas establecidas, "temos certa flexibilidade para adaptar a nosa formación ás necesidades que puntualmente vaian xurdindo." Ademais valoran moi positivamente o feito de que pese a ter acabado o curso de informática, teñen á súa disposición a sala de ordenadores para ampliar os seus coñecementos, así como un monitor de informática "para aclarar as dúbidas que lle presentamos". O mesmo ocorre coa educación compensatoria e a xestión de emprego que se desenvolve ao longo de todo o proxecto.

Na actividade de Iniciación a Informática, o nivel de coñecementos do alumnado traballador que participa no curso é moi heteroxéneo (algunhas persoas teñen coñecementos previos de informática, outras non se sentaran nunca diante dun ordenador...). Non obstante, que o método de traballo sexa individualizado, "permítenos - fala o alumnado traballador - ir avanzando ao noso ritmo" e posibilita adaptar os distintos tipos de actividades ao nivel de coñecemento de cada un deles.

Preguntados sobre si pensan que os coñecementos adquiridos en informática serán de utilidade para obter un posto de traballo, contestan que o manexo do ordenador e especialmente a navegación por Internet lles permitirá acceder a variadas e numerosas ofertas de emprego, a cursos de formación e reciclaxe, así como lles proporcionará información sobre os cambios e avances nas súas especialidades.

A maioría das persoas participantes no proxecto pensa que vai seguir utilizando o ordenador e mellorar os seus coñecementos de informática, polo menos procurarán manter os coñecementos adquiridos, "especialmente - cren - os referentes aos servizos de Internet", xa que as posibilidades formativas e de emprego que supón ademais da súa utilidade para a actualización de coñecementos é moi importante.

Obratedobra

Persoal directivo/docente e alumnado traballador do obradoiro de emprego "O Grove" participante no coloquio:

Moderadores:

José Luis Abaira Arias (Director)
Angela Pol Lis (Titora)

Alumnado traballador:

Hugo Roberto Diorno
Fran Alexandre Torres Paniza
David Torres Mascato
Carlos Enrique Díaz Rodríguez
Juan Carlos Castro Vidal
José Manuel Martínez Benavides
Juan Carlos Díaz Meis
José Meijide Prieto

*Alumnado traballador do
Obradoiro de Emprego de
O Grove*



Obradoiro

Os coñecementos adquiridos en Orientación Laboral e Xestión de Emprego son para o alumnado traballador fundamentais no momento de afrontar a busca de emprego de forma activa, xa que lles ensina a facelo a través dun sistema de busca organizada e racional. "Proporcionámonos información sobre as distintas fontes de emprego e o seu manexo, o autoconhecimento, a formación profesional, a elaboración do currículo, as entrevistas de traballo, as axudas existentes e as subvencións". Un bo coñecemento e aplicación destes aspectos "vannos facilitar - pensa un dos alumnos/as -, que non garantir, a inserción laboral."

Tamén consideran de grande interese a información e o material adquiridos neste curso, relacionados con axudas, prestacións e subvencións "ás que podemos acceder para a posta en funcionamento de proxectos empresariais."

Conxuntamente coa formación complementaria, o alumnado traballador realiza distintas visitas guiadas segundo a especialidade de que escolleron. A realización destas visitas formativas permítelles ver a aplicación práctica na propia industria dos coñecementos adquiridos no obradoiro de emprego nas distintas especialidades. "Puidemos ver - contan os alumnos/as traballadores/as do módulo de cantería - o proceso a que se somete á pedra antes de chegar ás nosas mans para traballar as variedades de pedra que existen, a grande maquinaria que se utiliza e o seu manexo". O alumnado traballador do módulo de electricidade visitou unha planta de fabricación de transmisións, especialmente os cadros eléctricos, grupos electrógenos, automatismos e cadros de contactores. Polo que respecta os alumnos/as da especialidade de albanilería teñen programada unha visita a unha feira

de construción. "Parécenos unha visita moi interesante - di unha persoa de albanilería - xa que esperamos dela ver os novos materiais de construción, así como a maquinaria e ferramentas que se están a utilizar na actualidade".

Para rematar, é obrigado salientar que o alumnado traballador recibirá tamén sesións informativas sobre Prevención de Riscos Laborais. Para o director do obradoiro, "a formación en prevención de riscos non se pode desvincular da formación profesional. Dende o principio do obradoiro as aprendizaxes como a utilización dos equipos de protección individual, o correcto manexo da maquinaria e ferramenta, a súa conservación e mantemento, a manipulación de produtos químicos, etc. foron obxecto de seguimento e reforzo constante por parte dos monitores e dos responsables do Plan de Prevención. De tódolos xeitos, aínda que unha parte importante dos accidentes laborais que se producen son responsabilidade directa do empresariado pola pouca preocupación por facer cumprir as normas de seguridade establecidas, as negligencias por parte dos propios/as traballadores/as incrementan en gran medida estes accidentes. Por iso ademais de medidas sancionadoras é importante traballar a seguridade laboral como unha aprendizaxe de base no oficio."

A planificación participativa nos procesos de desenvolvemento local

Silvana Martínez

Técnica de Orientación Laboral da UPD da MAIV

Sonia Vila

Técnica de Emprego da UPD da MAIV

A práctica habitual no deseño de estratexias de desenvolvemento local no noso país soe basearse no labor dun persoal técnico que, a partir dunha análise estatística e socioxeográfica do territorio, esboza plans de dinamización social e económica que se materializan en proxectos enmarcados nos lineamentos formulados polos políticos municipais.

Non obstante, planificar para o cambio precisa da participación de quen se vai beneficiar directa ou indirectamente dos procesos transformadores, avogando por unha cidadanía que deixe de ser mera receptora pasiva e pase a converterse en axente activo do desenvolvemento local.

A intervención da

A intervención da sociedade civil no establecemento de solucións ás problemáticas da municipalidade, nas súas dimensións política, económica, social, cultural e ambiental, é un elemento intrínseco á planificación, execución e avaliación das accións que buscan mellorar a calidade de vida da poboación

sociedade civil no establecemento de solucións ás problemáticas da municipalidade, nas súas dimensión política, económica, social, cultural e ambiental, é un elemento intrínseco á planificación, execución e avaliación das accións que buscan mellorar a calidade de vida da poboación.

A pesar de que existen iniciativas que contemplan na súa metodoloxía de traballo a consulta cidadá e o traballo en rede, o certo é que aínda son consideradas case como experiencias pilotos e que son lentos os pasos que se dan cara a esta forma de deseñar os procesos de desenvolvemento local. Seguramente unha das razóns sexa a dedicación temporal necesaria.

Apuntamentos

Apuntamentos

A dificultade para implicar á sociedade civil fai necesaria a aplicación de mecanismos que faciliten o fortalecemento dun tecido asociativo que se involucre nos plans e proxectos de desenvolvemento e na educación da cidadanía cara a espertar conciencia crítica

Obviamente ao introducir sistemas participativos no proceso de desenvolvemento local ralentízase a fase de diagnóstico, e a meirande parte do mesmo, ao esixir a articulación de espazos de diálogo social no que estean presentes os diferentes actores locais: a cidadanía como suxeito persoal ou representada a través das asociacións, os/as axentes económicos, sociais e políticos, así como o persoal técnico responsable directo da posta en marcha de plans e proxectos. Así e todo, os esforzos e o tempo que isto require compensan, xa que:

- Dáse resposta ás necesidades reais do territorio, na medida en que se recompilan as opinións, visións, demandas e suxestións de quen habita e actúa no mesmo.

- Asegúrase a sustentabilidade dos resul-

tados a alcanzar nos proxectos, debido a que os diferentes actores locais sentirán como propias as estratexias deseñadas. Isto favorecerá que sexan conscientes da transcendencia do proceso de desenvolvemento e que se impliquen activamente na posta en marcha, seguimento e avaliación final das accións e, previsiblemente, asuman o compromiso de continuar co "bo facer" máis alá do período temporal de execución das actuacións.

- Favorécese o empoderamento da sociedade civil.

- Camiñase na construción dunha democracia participativa e dunha sociedade máis equitativa.

Sendo conscientes destas tres realidade: un, a dificultade para implicar e comprometer nas organizacións de base á sociedade civil galega, en xeral, e á da Área Metropolitana de Vigo (AMV), en particular; dous, a escasa existencia dunha cultura participativa nos procesos de decisión municipal; e tres, a carencia de estratexias por parte das diferentes administracións para fomentala; faise necesaria a aplicación de mecanismos que faciliten o fortalecemento dun tecido asociativo que se involucre nos plans e proxectos de desenvolvemento local, así como a educación da cidadanía cara a espertar conciencia crítica.

A educación servirá como vehículo condutor do cambio de actitude nas persoas - sociedade civil e axentes políticos, sociais e económicos- e na medida en que a xente mude, estarase no bo camiño de conseguir transformacións sociais.

Os procesos educativos deberán darse dende a práctica, apostando por novas relacións entre a rede de actores do territorio que permitan traballar conxuntamente nun clima de colaboración. Polo tanto, é necesario educar na propia dinámica participativa: aprendendo a escoitar ao outro, a formular opinións construtivas, a facilitar que todos e todas fagan uso da palabra, valorando as diferentes opinións e respectando as quendas, así como a chegar a consensos en beneficio da colectividade.

En definitiva, o desenvolvemento do territorio é o resultado do esforzo organizado de toda a sociedade e, polo tanto, tamén se debe escoitar a voz daqueles sectores sociais máis vulnerables que habitan no espazo xeográfico de referencia, no noso caso, os municipios que compoñen a futura Área Metropolitana de Vigo (AMV). Sen ánimo de priorizar uns colectivos sobre os outros, a continuación reflexionase entornando ás dificultades e/ou á xustificación da necesaria participación da muller e das persoas inmigrantes -grupo de poboación que está incrementando significativamente a súa presenza no territorio da AMV- na construción dun futuro local e/ou supramunicipal máis equitativo e sostible.

Muller e participación

A pesar de que a proporción de mulleres que residen nos concellos é algo maior que a dos homes e de que a nivel xeral, grazas as reivindicacións dos movementos feministas, as mulleres estamos acaparando unha maior representación en todos os ámbitos da sociedade, o certo é que as relacións

A asignación social de roles que sinala á muller como responsable directa das tarefas propias do espazo privado, sumadas ás do espazo público esixennos o desempeño dunha dobre xornada laboral e reducen as nosas posibilidades de entrar nas dinámicas participativas

desiguais que se dan entre xéneros no acceso ao poder -o chamado teito de cristal- e aos espazos de decisión, determinan que na planificación e xestión local aínda queden silenciadas as visións, intereses e necesidades da metade da poboación.

Así mesmo, si como se sinalou con anterioridade existen limitacións na participación da cidadanía, no caso da muller as trabas son aínda maiores. A asignación social de roles que sinala á muller como responsable directa das tarefas propias do espazo privado, que sumadas ás do espazo público, nos esixen o desempeño dunha dobre xornada laboral, reducen as nosas posibilidades de involucrarnos nas organizacións de base e, polo tanto, estar presentes nas dinámicas participativas de desenvolvemento local debido ao tempo que estas requiren.

Apuntamentos

Para superar esta situación, é preciso incorporar a perspectiva de xénero no proceso de desenvolvemento co fin de garantir que as accións a realizar dean resposta aos intereses de todas e todos. Unha liña de actuación debería ir encamiñada cara a asegurar políticas de conciliación que melloren as posibilidades actuais de uso do tempo libre da muller que, como consecuencia do exercicio dos roles produtivo e reprodutivo, é máis reducido ca do home. Só así será posible a nosa contribución aos cambios e mellora do noso territorio.

Por outra banda, é necesario sentar as condicións e establecer os mecanismos que propicien a deconstrución dos patróns de socialización tradicional e a construción dunha cidadanía que participe en equidade. De novo, educar para que as mulleres fortalezan a súa capacidade como cidadás e axentes de cambio, incrementen a súa "voz" nos espazos de debate, autovaloren as súas achegas e eliminen os posibles sentimentos de inferioridade respecto ao home; así mesmo, educar para que o xénero masculino reformule certos comportamentos sexistas e adopte actitudes máis igualitarias entre as que se poden incluír: asumir as responsabilidades domésticas e familiares e, no eido participativo, aprender a escoitar e valorar as opinións formuladas polo outro xénero, incluíndoas nas estratexias de desenvolvemento.

Poboación inmigrante e participación

Segundo datos do Padrón publicados polo INE a 1 de xaneiro de 2005, 15.484 persoas con nacionalidade estranxeira escolleiron os concellos da futura Área Metropolitana de Vigo (AMV) como lugar de residencia. Facendo unha comparativa coa cifra existente no 2001 (6.984), obsérvase un incremento considerable de poboación inmigrante no noso territorio, representando unha taxa de crecemento do 121,71% (8.500 persoas), o que comporta a entrada en escena de novos actores locais.

Se queremos construír unha Área Metropolitana equitativa na que as persoas inmigrantes convivan cos mesmos dereitos e

responsabilidades inherentes que a poboación autóctona, resulta condición "sine qua non" dar a palabra a aquelas persoas que non teñen dereito ao voto pero viven e interveñen nas cidades e pobos. Isto significa non só facilitar a presenza das asociacións de inmigrantes nos espazos participativos, senón tamén promover a implicación destas persoas nas diferentes organizacións de base, favorecendo o acceso a cargos de dirección.

Case sempre se relaciona o desenvolvemento local co crecemento económico e tecnolóxico, non obstante hai que ter en conta os factores culturais e sociais sen os que resulta difícil pensar nun modelo sostible de desenvolvemento. En sociedades cada vez máis pluriculturais, como a nosa, a análise destes factores cobra maior sentido e é neste contexto onde, se cabe con máis xustificación, as persoas de diferentes nacionalidades deben ser, xunto coa cidadanía galega, axentes activos aportando as súas achegas para que se dean os cambios necesarios cara ao logro dun territorio supramunicipal desenvolvido, sostible, incluínte e onde as disparidades sociais e económicas vaian desaparecendo.

As persoas de diferentes nacionalidades deben ser, xunto coa cidadanía galega, axentes activos aportando as súas achegas para que se dean os cambios necesarios cara ao logro dun territorio desenvolvido

I Plan Provincial de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres 2005-2008

Ruth González Reyes

Directora da UPD da Deputación de Pontevedra

Dende a UPD de Deputación Provincial traballouse ao longo do ano 2005 en varios estudos e análises que tiveron como resultado a elaboración e redacción do I plan provincial de Igualdade de Oportunidades. Concretamente estes análises foron:

- análise e diagnóstico da situación da muller na provincia de Pontevedra,

- análise dos plans provinciais de igualdade existentes no territorio nacional,

- estudo realizado mediante enquisas aos 62 Concellos da Provincia a través dos que se consultou con profesionais na intervención da promoción das mulleres a nivel local.

presentáronse no mes de novembro no marco dun primeiro avance do borrador do Plan.

Dende novembro, e de xeito coordinado cos distintos departamentos implicados no Plan, deseñáronse as accións que se incluían nas sete liñas de actuación e pre-

sentouse ao pleno da corporación provincial o 22 de febreiro de 2006, sendo aprobado por unanimidade.

As distintas medidas existentes en materia de igualdade, que establecen o camiño a seguir dentro do noso contexto, son o V Programa de acción comu-

nitaria para a igualdade de oportunidades 2001-2005, o IV Plan para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2003-2006, e o IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas 2002-2005.



Apuntamentos

Apuntamentos

O I Plan Provincial de Pontevedra para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2005-08 potenciará as intervencións nas áreas de traballo, participación e inclusión social, corresponsabilidade, violencia de xénero, saúde e aplicación transversal

Conxuntamente a estas directrices, trasládase ao ámbito provincial a aplicación deste principio facendo referencia ao establecido no Plan Estratéxico da Provincia de Pontevedra 2010, realizado pola Deputación provincial de Pontevedra no 2005. O dito plan menciona dentro da súa acción D: "Infraestrutura social", o desenvolvemento dunha serie de medidas de promoción da igualdade entre os xéneros, baseándose en medidas directas e indirectas. Estas medidas, inclúen como visión global a promoción e o fomento de políticas de igualdade a nivel local, concretadas en accións como a implantación de programas experimentais de conciliación da vida laboral e persoal, sensibilización na administración local, da inclusión da transversalidade de xénero (mainstreaming) nas políticas municipais, o uso da linguaxe non sexista na administración, a formación na corresponsabilidade, e os programas de recoñecemento social que

se dirixen as mulleres.

O I Plan Provincial de Pontevedra para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2005-08 potenciará as intervencións nas áreas de: traballo, participación e inclusión social, corresponsabilidade, violencia de xénero, saúde e aplicación transversal, chegando así, aos diferentes aspectos nos que se manifesta a discriminación para as mulleres na provincia de Pontevedra e xerando novas alternativas por o avance en pro da igualdade entre xéneros.

Para a consecución dese obxectivo xeral, se van a implementar sete áreas de actuación:

Área 1: INSERCIÓN LABORAL E MELLORA DA OCUPABILIDADE. Esta área é unha prioridade na actuación, no que se refire ao acceso das mulleres ao mercado de traballo por conta allea, por conta propia e no traballo co empresariado da provincia.

Área 2: PARTICIPACIÓN SOCIAL E EXCLUSIÓN. A área de participación e inclusión social pretende traballar na facilitación de redes sociais para as mulleres, así como no establecemento doutras medidas necesarias para a mellora das condicións de vida básicas para as mulleres en risco de exclusión.

Área 3: SENSIBILIZACION E ELIMINACIÓN DE ROLES ESTEROTIPADOS. Na provincia de Pontevedra seguen a reproducirse as pautas de socialización diferencial, como na maioría dos territorios próximos; deste xeito, a través do traballo neste ámbito, trátase de

transformar as pautas da socialización diferencial para aportar maiores oportunidades a homes e mulleres dende un estilo de socialización máis igualitario.

Área 4: CORRESPONSABILIDADE E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL. Na provincia de Pontevedra, debido aos escasos recursos en materia de servizos ás persoas dependentes, é necesario potenciar o apoio á creación de servizos fundamentais para que homes e mulleres compartan as tarefas de coidado a persoas dun modo igualitario, accedendo ao uso de tempos, espazos e ocupacións do mesmo xeito.

Área 5: VIOLENCIA DE XÉNERO CONTRA AS MULLERES. En Pontevedra destacan as cifras de faltas e delitos sobre o total de Galicia, sendo a provincia con maiores índices de violencia contra as mulleres no ano 2004. Nesta área atállase a violencia dende diferentes ámbitos de actuación coa finalidade de intervir dende unha perspectiva globalizadora implicando ás diferentes entidades que estean a desenvolver unha actuación coas mulleres de Pontevedra.

Área 6: SAÚDE E ACTIVIDADE FÍSICA. Esta área trata de abranguer todos os aspectos vinculados ao benestar afectivo, emocional e físico das mulleres da provincia facilitando un achegamento ao autoconecemento, coidado persoal dunha mesma e hábitos saudables.

Área 7: APLICACIÓN TRANSVERSAL DO PRINCIPIO DE IO A NIVEL INSTITUCIONAL. Contemplar a aplicación deste principio facilitará que a organización e xestión da

Na provincia de Pontevedra, debido aos escasos recursos en materia de servizos ás persoas dependentes, é necesario potenciar o apoio á creación de servizos fundamentais para que homes e mulleres compartan estas tarefas

Deputación se adscriba a este innovador modelo de acción positiva para o territorio, así como que todas as accións planificadas dende as diferentes áreas leve consigo unha análise das necesidades e do impacto sobre mulleres e homes da provincia, articulando posibles solucións ás discriminacións de xénero existentes.

Cada unha das áreas especificadas conta cos seus obxectivos xerais e específicos e liñas concretas de actuación. Moitas das liñas de actuación xa se atopan nestes intres con importantes cometidos, de cara a implementación do Plan.

A xestión e seguimento do Plan vaise levar a cabo dende un Comité de seguimento, quen será tamén o responsable dunha parte da avaliación: a interna. Por outro lado está concretado que se leve a cabo unha avaliación externa do Plan con carácter anual.

Apuntamentos

O papel da actividade turística no desenvolvemento local

Rubén C. Lois González
Director Xeral de Turismo

Apuntes



Rubén C. Lois González

O turismo xoga un papel fundamental como motor do desenvolvemento local, tanto dende o punto de vista estritamente económico como social e cultural. Resulta evidente que o turismo dinamiza en primeiro lugar a hostalería local, pero tamén o comercio, o transporte e mesmo a oferta

O turismo resulta fundamental como motor do desenvolvemento local

lúdica e cultural do propio destino. Son beneficios tanxibles, pero que teñen tamén, é certo, a súa contrapartida no esforzo inversor que as institucións locais teñen que realizar para facilitar servizos aos visitantes, que nalgúns casos incrementan de xeito significativo a poboación do concello, especialmente na tempada alta turística. Por iso resulta imprescindible unha axeitada coordinación de esforzos entre as diferentes administracións con competencias na materia. Na Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria temos moi presente esta necesidade, e por iso impulsamos a cooperación tanto coas entidades locais (concellos, deputacións, mancomunidades, etc.) como co Goberno do Estado.

Neste proceso debe cobrar protagonismo a poboación local, polo que se vai poñer en marcha un programa de concienciación cidadá que resalte a transcendencia do turismo no desenvolvemento local

No contexto deste traballo en común, a defensa dun turismo de calidade é a nosa gran aposta cara ao futuro. A calidade en tódolos ámbitos -na oferta privada, nas instalacións dependentes da Dirección Xeral-, pero en especial no que se refire aos destinos. De aí que se estea a potenciar a figura e a declaración de municipio turístico, e se profunde no deseño e execución de plans específicos, en moitos casos de acordo con outras administracións (caso dos plans de dinamización de produto turístico), pero

tamén directamente, por parte do propio Goberno Galego, no exercicio das súas competencias plenas en materia turística.


Xunto con este impulso da calidade, constitúen para nós aspectos claves os que se refiren á mellora da promoción, a formación en materia turística, a implementación de políticas de I+D+i no eido turístico ou a creación e fortalecemento do tecido empresarial, coa conseguinte creación de emprego. Todo isto, sen esquecer o necesario respecto ao principio de sustentabilidade turística.

En todo este proceso debe cobrar protagonismo, tamén, a poboación local, polo que se vai poñer en marcha un programa de divulgación que se baseará nunha campaña de concienciación cidadá entre os galegos que resalte, precisamente, esa transcendencia da actividade turística para o desenvolvemento local e, de forma máis ampla, do país no seu conxunto.

Apuntamentos



UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO



landra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego

